

RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO POLA QUE SE AUTORIZA A PERMANENCIA DE MEXILLÓN ESTOCADO EN SACOS, PENDURADOS DAS CORDAS, NAS BATEAS DA RÍA DE VIGO.

Feitos

1. O 30.07.2025, Javier Pena Lemat con NIF 78730451W en representación da Sociedade Cooperativa Galega Limitada Mejilloneros de Galicia (SOCOMGAL) con NIF F36021152, presentou unha solicitude (Nº de rexistro de entrada 2025/2136981) na que solicita que se autorice ata o 15 de xaneiro do 2026, e con carácter xeral na Ría de Vigo, a colocación de 100 cordas a maiores das xa autorizadas, co fin de estocar en sacos o mexillón destinado a exportación.
2. O 11.08.2025 o Director Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, emite un informe no que indica que non observa inconveniente en que se resolva favorablemente dita solicitude baixo unha serie de condicións.

Consideracións legais e técnicas

1. A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, regula no capítulo III do título V as concesións de actividade na zona marítima.
2. O Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños nas augas de Galicia, modificado polo Decreto 174/2002 do 10 de maio, regula o aumento de cordas de mexillón.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO

Autorizar ata o 15 de xaneiro de 2026 a permanencia de mexillón estocado en sacos, pendurados das cordas, nas bateas dos polígonos de viveiros da Ría de Vigo, baixo as seguintes condicións:

- O número de cordas con sacos por batea non exceda de 100.
- As cordas deberán estar claramente identificada mediante una marca de cor verde e como mínimo 30 cm de lonxitude, na súa parte superior.

DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE VIGO
R/ Concepción Arenal, 8, 4º andar
36201 Vigo
Tel.: 986 817 122
acuicultura.vigo@xunta.gal



- O número de sacos por corda non exceda os 16.
- Cada saco conterá un máximo de 10 Kg de mexillón.

Todos os concesionarios que fagan uso desta autorización deberán comunicar coa antelación suficiente a colocación das cordas a medida que as vaian pendurando. Deberán comunicar o nome do viveiro e a súa localización, a data e o número de cordas de estocaxe e a súa lonxitude, así como o número de sacos por corda que van dispoñer, á Subdirección Xeral de Acuicultura, da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar. A comunicación poderá ser realizada a través do correo electrónico servizo.innovación.acuicultura.cmrn@xunta.gal.

De conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro do Mar, no prazo dun (1) mes contado dende o día seguinte ao da súa notificación. Transcorrido dito prazo sen que o recurso fose presentado, a resolución será firme a tódolos efectos.

A directora territorial

